

Semana da Creatividade 2024

XORNADAS

Voute preservar, miñoca!

Onde os videoxogos en galego e a
arqueoloxía se dan a man



Do 22 ao 26 de abril
de 2024
Sala O Abrigo
Facultade de Belas Artes
Campus de Pontevedra

Desenho: Área de Imaxe, Vicerreitoría de Comunicación e Relacións Institucionais

Semana da Creatividade 2024

XORNADAS

Voute preservar, miñoca!

Onde os videoxogos en galego e a arqueoloxía se dan a man



Do 22 ao 26 de abril
de 2024
Sala O Abrigo
Facultade de Belas Artes
Campus de Pontevedra

Universidade de Vigo

Xornadas

Voute preservar, miñoca!

Onde os videoxogos en galego e a arqueoloxía se dan a man

Datas: do 22 ao 26 de abril de 2024

Lugar: sala O Abrigo da Facultade de Belas Artes, Campus de Pontevedra.

Do 22 ao 26 de abril

Visitas guiadas á exposición «Arqueoloxía dixital galega»

Que fai Microsoft contratando arqueólogos e arqueólogas? Esta é a inesperada pregunta que serve de arranque á exposición. Está comisariada por Óscar Penín, investigador do Grupo de Estudos de Arqueoloxía, Antigüidade e Territorio da Facultade de Historia (GEAAT). A mostra adéntrase no traballo da, pouco coñecida, arqueoloxía contemporánea e nas súas, cada vez máis fondas, conexións cos mundos virtuais.

Cómpre reservar con anterioridade no seguinte enderezo electrónico: oscar.penin@uvigo.gal

Programa

26 de abril

10.30 h Zona de videoxogos clásicos en galego

O certo é que as consolas que reinaron nos anos oitenta e noventa non se caracterizaban polo coidado das linguas como o galego.

Pero, coma sempre, para iso estaba a comunidade de usuarias e usuarios de Galicia, capaz de facer o que fixese falta para que o seu personaxe favorito falase na nosa lingua. Grazas a estes fans do galego e dos videoxogos, hoxe podemos contar con propostas de lecer sobre toda unha fauna de ourizos, cogomelos e superheroes do *anime*.

10.30 h Visitas guiadas á exposición

As visitas incluírán encontros con persoas investigadoras da Universidade de Vigo relacionadas co mundo dos videoxogos (arqueólogos/as dixitais, guionistas, tradutores/as....). Serán os nosos Guybrush Threepwood, obsesionados por conseguir un antídoto contra a falta de respecto aos videoxogos.

